

BASES

que rexerán a participación no

III CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL

1. Categorías

- 1.1. **Gaita solista:** 1 gaita e ata dous instrumentos de percusión tradicional
- 1.2. **Cuarteto tradicional:** 2 gaitas, tamboril e bombo
- 1.3. Máximo de 10 participantes por categoría. A organización resérvase o dereito de ampliar o número de participantes se superase por moi pouco o límite.
- 1.4. Non poden participar no concurso persoas membros da ASC Fogo Fatuo.

2. Inscripción

- 2.1. Inscripción de balde do 1 ao 27 de novembro
- 2.2. Inscripción en: fogofatuo.es
- 2.3. Selección por rigoroso orde de inscrición
- 2.4. Unha vez se completen as prazas, publicarase a lista de participantes
- 2.5. As inscricións posteriores pasarán á listaxe de reserva

3. Formacións

- 3.1. Cada participante só pode participar unha vez en cada categoría, sexa con gaita ou percusión.
- 3.2. É obrigatorio participar con traxe tradicional galego.

4. Instrumentos

- 4.1. A tonalidade dos instrumentos é libre a elección dos participantes.
- 4.2. Todos os instrumentos serán de formato e feitura tradicional, quedando

excluídas explicitamente as percusións de alta tensión e as gaitas denominadas “marciais”, e os instrumentos de percusión de materias sintéticos.

5. Interpretación

- 5.1. Antes de empezar o concurso, os participantes rexistrarán por escrito as pezas que van interpretar durante a súa actuación.
- 5.2. O tempo máximo para cada participante é de **7 minutos**.
- 5.3. Nese tempo, deberán interpretar **dúas pezas** de libre elección.
- 5.4. Exclúense suites e popurrís.
- 5.5. Dispónse do tempo necesario para afinar enriba do escenario antes do inicio da interpretación. Este tempo non computa no límite de 7 minutos.
- 5.6. Entre as pezas pódese volver afinar. Este tempo seguirá computando para o límite.

6. Transcurso do concurso

- 6.1. Os participantes deberán presentarse no Auditorio de Rianxo o **domingo 4 de decembro a partir das 16.00 h** para inscribiren as pezas coas que van concursar.
- 6.2. Os participantes na **categoría solista** deben inscribirse **antes das 16.30 h**
- 6.3. Os participantes da **categoría de grupos** deben inscribirse **antes das 18.00 h**.
- 6.4. Ás **17 h** comezará o concurso da categoría de gaita solista.
- 6.5. Participación no concurso en orde inversa á de inscrición
- 6.6. O concurso da categoría de grupos dará comezo ao finalizar a categoría de solistas, pero en todo caso **non antes das 18.30 h**.
- 6.7. Os participantes agardarán a súa quenda nunha sala habilitada con refrixerio e acceso ao exterior. Non poderán acceder á platea do auditorio ata despois de teren participado na categoría na que participen.
- 6.8. Tras a participación de todos os concursantes, o xurado fallará os premios e trofeos, e procederase á entrega de premios.
- 6.9. Ao remate, os gañadores de cada categoría interpretaran unha das pezas coas que concursaron.

7. Premios

- 7.1. Os premios serán os seguintes, suxeitos ás pertinentes retencións fiscais:
 - Categoría solista: 500 € (Deputación da Coruña)
 - Categoría de grupos: 1000 € (Concello de Rianxo)

7.2. Entregaranse, asemade, os seguintes trofeos:

- Trofeo ao/á mellor percusionista
- Trofeos aos tres primeiros clasificados en cada categoría
- Diploma de participación para todos os participantes

8. O xurado

8.1. O xurado darase a coñecer nos días previos ao certame.

8.2. No caso de participar algún familiar, compañeiro de formación ou alumno dalgún dos compoñentes do xurado, este membro inhibirase na votación particular dese concursante. A súa puntuación particular será a media das dos demais membros do xurado.

8.3. Os membros do xurado valorarán de forma libre os seguintes atributos de cada interpretación:

- Dificultade da peza interpretada
- Afinación, execución e coordinación do grupo
- Interpretación e expresividade
- Percusión

8.4. As decisións do xurado son inapelábeis.

8.5. Todos os supostos non sinalados nestas bases serán resoltos a criterio do xurado e a organización.

A participación no concurso do certame implica a aceptación destas bases.

Asociación Sociocultural FOGO FATUO

Rúa Hospital, 14 baixo

15920 Rianxo

tfno: 663322149

fogofatuo@fogofatuo.es

www.fogofatuo.es